

A.P.B.

D. José Villán Fuertes, Secretario Xeral do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 1 de xullo de 2013 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"FOD.2.- BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO INSCRITO NA BOLSA DE TRABALLO DESTE CONCELLO PARA A REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO FINNACIADA POLO CONCELLO DE CARBALLO.

O Centro Municipal de Formación do Concello de Carballo na súa labor de facilitar á inserción laboral da cidadanía, ofrece a toda a poboación activa unha Bolsa de Traballo municipal que foi aprobada en Xunta de Goberno Local o 22 de outubro de dous mil doce (publicadas no BOP o dous de novembro de dous mil doce). Será de utilidade para as persoas en situación de desemprego que desexen regresar ao mundo laboral, para os que busquen o seu primeiro emprego ou os que desexen mellorar a súa situación laboral actual.

A Bolsa de Traballo ten como obxectivo prioritario realizar unha función de intermediación laboral, constituíndo unha ferramenta de conexión entre a demanda e as ofertas de emprego que se xeneran no noso entorno.

Un dos obxectivos da Bolsa de Traballo, e que así se fai contar nas súas bases, é promover a inserción laboral dos traballadores a través de programas de formación que lles faciliten o acceso a un posto de traballo por conta allea ou propia.

Por todo o anterior, e vista a proposta <000125/2013-G-SECRETARIA> do concelleiro de Deportes, Medio Ambiente, Formación e Emprego, do 01/07/2013, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), ACORDA:

Aprobar as bases xerais que se xuntan como Anexo I para a selección do alumnado nos cursos financiados polo Concello de Carballo destinados aos demandantes inscritos na Bolsa de Traballo.

ANEXO I

BAREMACIÓN:

- 1.- Posuír unha titulación académica relacionada coa formación ofertada..... 1 pto
- 2.- Posuír experiencia laboral demostrable e acreditada (na Bolsa de traballo) en relación coa formación ofertada (mínimo 3meses)..... 1 pto
- 3.- Perfil curricular do demandante en relación á formación ofertada 1 pto
(persoas que non teñen experiencia pero que poden ter, con axuda da acción formativa, unha boa ou mellor proxección no mercado de traballo)

4.- Situación laboral dos demandantes no momento da preinscrición de cada acción formativa:

Ocupados..... 0 pto
Desempregados..... 1 pto

5.- Antigüedad na Bolsa de Traballo do Concello de Carballo:

<3 meses 0.25 pto
≥3 meses ≤ 6 meses..... 0.50 pto
>6 meses ≤ 12 meses..... 0.75 pto
> 12 meses 1 pto

6.- Disponibilidade para o emprego

Disponibilidade xeográfica.....0.50 pto
Disponibilidade horaria0.50 pto

7.- Persoas residentes e empadronadas no Concello de Carballo 1 pto
(mediante declaración xurada)

8.- En caso de empate na participación, terán preferencia para participar nas accións formativas aquelas persoas que non participaron anteriormente noutro curso organizado pola Bolsa de Traballo do Concello de Carballo.”

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo o tres de xullo de dous mil trece.

V. e Pr.
O alcalde

